

## Toponimia

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *O Pozo do Inferno de Vilaquinte*

O Pozo do Inferno está en Vilaquinte, Navia de Suarna (Lugo). A carón desta aldea pasa o río Ser con moita forza e ten un pozo moi profundo. Chámanlle Pozo do Inferno desde un día que pasou por alí un home con vacas e mais ovellas; o home achegouse ao río e esvarou, e canda el foron parar ao pozo unha vaca e unha ovella.

Tamén se conta que neste pozo caeu un can e cando todos contaban que o can afogara resulta que, ao cabo dunha semana, o sentiron ouvear por debaixo de Chaodevilarín.

Postos a investigar como fora posible, descubriron que entre o Pozo do Inferno e Chaodevilarín hai unha cova moi longa.

## BIBLIOGRAFÍA

FARDEL DE TRADICIÓN, CPI Daniel Monje, Navia de Suarna, Lugo, 2004.